



Extracto das bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego "Freixo II", dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polo obradoiro.

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación, as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica.

A actividade da empresa deberá estar directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego "Freixo II", e contratar traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial do obradoiro.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Segundo.- Finalidade:

Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no obradoiro dual de emprego "Freixo II", financiado a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e colocación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A formación que se imparte no Obradoiro dual de emprego "Freixo II" é a dos certificados de profesionalidade de "actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" e "repoboacións forestais e tratamentos silvícolas".

A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

Terceiro.- Bases reguladoras:

Resolución da alcaldía do Concello de Dozón pola que se aproban as bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego "Freixo II", dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polo obradoiro.

Cuarto.- Importe:

As accións incluídas nesta convocatoria serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 241.470 do Orzamento municipal vixente, ascendendo a contía máxima da convocatoria a 15.000€ equivalente á previsión dunha axuda de 1.500 euros por alumno participante no obradoiro contratado, para un máximo de 10 persoas.

Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Quinto.- Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Dozón, mediante instancia xeral á que se xuntará o modelo normalizado que será publicado na sede electrónica do Concello de Dozón (<https://dozon.sedelectronica.gal>) acompañada da documentación correspondente.

O prazo de presentación das solicitudes é dun mes, contado a partir da data de publicación deste extracto no BOP de Pontevedra. Se o último día de fóra inhábil, o prazo finalizará o seguinte día hábil.

Dozón na data da firma electrónica á marxe
O Alcalde
Adolfo Campos Vázquez

